# 19

## Ollos abertos

### A obra mestra

Nas obras dos artistas sempre hai unha que destaca sobre as outras: é a máis importante, a máis perfecta. É a súa obra mestra.

**Algunhas obras mestras**

| | |
|---|---|
| Don Quixote da Mancha • | • Pintura |
| A Basílica de san Pedro en Roma • | • Literatura |
| "O xuízo final", de Miguel Anxo • | • Cine |
| "A guerra das galaxias • | • Arquitectura |

Busca na columna da dereita a palabra que corresponde ás frases da columna da esquerda e úneas cunha frecha.

**Obras patrimonio da humanidade**

Algunhas obras son tan extraordinarias que son declaradas "monumento nacional". ou "patrimonio da humanidade".

- A cidade de Cuenca.
- As murallas de Lugo.
- O camiño de Santiago.
- O parque de Port-Aventura.

¿Cal destas obras che parece que non é patrimonio da humanidade?

## Mirada penetrante

### Persoas que merecen ser admiradas

Pero máis importante ca esas obras materiais, son as persoas que destacaron polas súas calidades ou por actividades que realizaron.

**Persoas admirables e o seu grao de admiración**

| | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|---|
| • Gañou un concurso de beleza. | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |
| • Descubriu un medicamento. | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |
| • Tén moitos títulos e riquezas. | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |
| • Dirixe unha institución que atende a necesitados. | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |
| • Quedou de primeiro nun campionato. | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |
| • É bo e procura ser amable con todos. | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |
| • É famoso por un programa de televisión. | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |
| • Construíu un edifico moi bonito. | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |
| • É honrada e cumpre os seus deberes. | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ | ☐ |

¿Quen destas persoas merecen de verdade ser admiradas? Sinala a cada unha delas do 1 ao 5 segundo creas que deben ser admiradas: nada (1), pouco (2), máis ou menos (3), bastante (4) ou moito (5).

## Oídos atentos

### María, de escrava a Raíña

Entre as grandes obras que Deus fixo, para nós a súa obra mestra é sen dúbida a Virxe María. O Pai encheuna de calidades e perfeccións.

### 1 De escrava...

*María contestou:*
*–Velaquí a escrava do Señor:cúmprase en min o que dixeches.* (Lc 1,38)

#### María, ao servizo do Reino

| María estivo... | |
|---|---|
| | *Serviu con total dedicación ao proxecto de redención dos homes e cooperou á súa salvación con fe e obediencia libres.* (LG 56) |
| | *Ela cooperou co Fillo na obra da salvación dende o momento do nacemento de Cristo ata a súa morte.* (LG 57) |
| | *Co seu amor materno coida dos irmáns do seu Fillo, que aínda peregrinan nesta terra, ata que sexan conducidos á patria do ceo.* (LG 62) |

#### María, sempre virxe

A Igrexa proclama que María, a Nai de Xesús, foi sempre virxe. Isto significa que:

- Xesús non tén como Pai a ninguén máis que a Deus e foi concibido por obra do Espírito Santo.
- María aceptou totalmente a vontade de Deus e entregouse a ela libremente e con toda fidelidade.

### 2 ... a Raíña

*Apareceu no ceo un gran sinal: unha muller vestida co sol, coa lúa baixo os seus pés e, na cabeza, unha coroa de doce estrelas.* (Ap 12,1)

#### María foi asunta ao ceo, proclamada Raíña e é imaxe da Igrexa

| | |
|---|---|
| | *María, rematada a súa vida terrea, foi asunta en corpo e alma á gloria celestial.* (LG 59) |
| | *María foi enxalzada polo Señor como Raíña universal co fin de que se parecese máis plenamente ao seu Fillo, Señor de señores e vencedor do pecado e da morte.* (LG 59) |
| | *A Nai de Xesús, glorificada xa nos ceos en corpo e alma, é a imaxe e comezo da Igrexa que chegará á súa plenitude na vida futura.* (LG 68) |

■ **María, Nova Eva**

A Igrexa proclama a María como a Nova Eva:

- 

- 

▶ Ordena estas palabras en frases verdadeiras e que teñan sentido e escríbeas.

| | |
|---|---|
| María – con – homes – ao – dedicación – dos – serviu – total – proxecto – salvación – de. | |
| Xesús – consagrouse – á – escrava – totalmente – María – de – como – persoa – e – de – obra. | |
| Intimamente – María – está – e – por – ela – á – Igrexa – unida – intercede. | |
| Ao – alma – en – María – foi – sempre – asunta – e – corpo – virxe – e – ceo. | |
| A – Virxe – gloria – é – universal – e – está – Raíña – perfección – de – e – chea. | |

## Memoria esperta

**María, imaxe da Igrexa peregrina**

A Igrexa contempla a María Nai, Raíña e Señora. Por iso invítanos a loala, venerala, pedirlle axuda e tratar de imitala.

■ **¿Que grazas singulares outorgou Deus á Santísima Virxe María?**

■ **¿Como colaborou María co proxecto de Deus?**

## María como modelo

Todos queremos ser persoas libres e felices, fieis a Deus, pero é necesario saber elixir ben o camiño. María é para nós un modelo que podemos seguir.

### ¿Escravos ou señores?

Dous amigos tiñan os mesmos desexos pero elixiron camiños distintos.

**Toni** era de familia humilde. Procurou seguir as orientacións dos seus pais e profesores. Estudou con moito sacrificio e fixo a carreira que lle gustaba. Divertíase de forma sa sen que lle impedise ir á clase e preparar os exames. Rodeouse de bos amigos.

Hoxe está a traballar na profesión que máis lle gusta; tén unha familia unida e feliz e séntese moi satisfeito.

**Diego** era de familia adiñeirada e tiña un futuro prometedor. Matriculouse na Universidade, pero só soñaba con divertirse: saía de noite case todos os días, apenas ía á clase e naturalmente suspendía. Enganaba aos pais e collíalles diñeiro para as súas diversións. Meteuse nunha cuadrilla e ben axiña empezou a coller malos hábitos.

Hoxe Diego está en tratamento para rehabilitarse do alcohol e a droga.

▸ ¿Cal dos dous chegou a ser escravo e cal, señor? ¿Por que?

### Camiños para chegar a ser escravos ou señores

| | + | − |
|---|---|---|
| Obedecer aos pais e profesores. | ☐ | ☐ |
| Estudar de forma ordenada e constante. | ☐ | ☐ |
| Buscar o máis cómodo en todo momento. | ☐ | ☐ |
| Pedir axuda a Xesús e María. | ☐ | ☐ |
| Divertirse de forma sa con boas afeccións. | ☐ | ☐ |
| Participar na catequese e actividades formativas. | ☐ | ☐ |
| Meterse en cuadrillas que fan canalladas. | ☐ | ☐ |
| Actuar sen ter en conta os consellos dos pais. | ☐ | ☐ |

▸ ¿Cales destes comportamentos valoras como positivos (+) e cáles como negativos (-)?